

Fallo do xurado do concurso escolar de memes “Dende o galego, con humor”

PRIMEIRO. O concurso escolar de *memes* “Dende o galego, con humor” celebrouse do 20 de novembro ao 15 de decembro de 2025. Presentáronse un total de 60 obras, das cales 2 foron entregadas fóra de prazo e 58 cumprían as bases publicadas con anterioridade en: https://fundacioncarloscasares.org/wp-content/uploads/2025/11/2025_Bases-Concurso-Memes-Fundacion-Carlos-Casares.pdf

SEGUNDO. O labor de valoración do xurado tivo lugar do 17 ao 20 de decembro de 2025. O xurado estivo composto por:

- Carlos X. Ares Pérez (en representación da Fundación Carlos Casares)
- Cristian Fojón Caruncho (ilustrador e debuxante de Banda Deseñada)
- Vanesa Touriño Touriño (docente de lingua e literatura galega no IES Sánchez Cantón)
- Eusebio Rivero Veiga (docente de plástica no IES Sánchez Cantón)

TERCEIRO. O xurado comunica que a calidade das obras recibidas foi extraordinaria. Recibidas as valoracións do xurado, a clasificación dos proxectos presentados queda como segue:

> **Primeiro premio para Uxía Rodríguez Vidal**, que recibirá un vale de 125 euros para a compra de libros nunha librería da súa localidade. A obra recibiu unha puntuación conxunta de 15 puntos.

> **Segundo premio.** Tras dúas votacións produciuse un empate entre dúas obras con 14 puntos, polo que a Fundación Carlos Casares repartirá dous segundos premios, consistentes nun vale de 75 euros para cada persoa gañadora para a compra de libros nunha librería da súa localidade. As obras premiadas son autoría de **Bruno Vázquez Pérez** e **Valeria González Alonso**.

> **Terceiro premio para Iker Alonso Cid**, que recibirá un vale de 50 euros para a compra de libros nunha librería da súa localidade. A obra recibiu un total de 11 puntos.

> A organización do concurso tamén quere destacar mencións de obras que merecen especial consideración pola súa calidade e humor, pertencentes a **Claudia Piñeiro Castillo**, **Dorian Rafael González Guzmán**, **Martina Álvarez García** e **León Fabeiro Cabaleiro**.

CUARTO. A Fundación Carlos Casares porase en contacto nos vindeiros días cos pais/nais/titores(as) das persoas gañadoras para tramitar o reparto de premios.

En Vigo, a 23 de decembro de 2025

Fundación Carlos Casares